



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E ECOS DO SUR PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIA A VÍTIMAS DE TRATA DE SERES HUMANOS E/OU DE EXPLOTACIÓN SEXUAL, DERIVADA DA CRISE SANITARIA POR COVID 19, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle, entre outras funcións, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

O artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, considera como unha forma de violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual e o artigo 47.1 establece que os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da violencia.

A medida 194 do Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recolle a necesidade de reforzar a persecución de oficio do delito de trata, e poñer en marcha servizos e programas de protección social e recuperación Integral das persoas que foran explotadas. Pola súa banda o Informe da Ponencia do Senado de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero recolle medidas dirixidas a vítimas de trata (157 a 170), concretamente a medida 158 recolle a necesidade de traballar coas Comunidades Autónoma para mellorar o acceso á prevención, protección, atención integral e recuperación das vítimas de trata, e a medida 170 recolle a necesidade de reforzar a persecución de oficio do delito e poñer en marcha servizos e programas de protección social e recuperación integral das mulleres e nenas que foron explotadas.

O estado de alarma sanitaria declarado en España o 14 de marzo de 2020 provocou unha situación de especial vulnerabilidade para as mulleres vítimas de trata de seres humanos e de explotación sexual, emerxendo situacións de absoluta desprotección. O estado de perigo que viven estas mulleres agravouse dado que en ocasións o confinamento lles impide comunicarse e se atopan con maiores dificultades para o acceso ao sistema sanitario dado que moitas están en situación irregular

As seguinte entidades: Aliad-Ultreia, Cáritas Diocesana de Lugo, Cáritas Diocesana de Ourense, Cáritas Diocesana de Santiago (integrada da Rede coa denominación do programa Vagalume: Oblatas Santiago : <http://programavagalume.org/quienes-somos>), Ecos do Sur, Asociación Faraxa pola Abolición da Prostitución, Médicos do Mundo, HH. Oblatas de Ferrol, Accem e Fundación Amaranta, son as 10 ONGs que conforman a Rede galega contra a Trata, Rede que traballa para dar a coñecer o delito da trata de Persoas en Galicia, un fenómeno oculto e invisibilizado aínda na nosa comunidade, á vez que colabora na identificación das súas vítimas. O seu labor, único en Galicia, onde non existe ningunha outra organización que aúne estas características, levou a esta Rede a ser galardoada no ano 2015 coa Medalla Castelao, coa que a Administración autonómica distingue a persoas ou entidades merecedoras do recoñecemento do seu pobo en calquera faceta da actividade.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal/>



Ecos do Sur é unha das entidades que integra a Rede galega contra a Trata, e que se atopa avalada pola experiencia contrastada de moitos anos de traballo con mulleres vítimas de trata de seres humanos e/ou con fins de explotación sexual.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima conveniente asinar un convenio de colaboración con cada unha das entidades a Rede galega contra a trata que mostraron a necesidade e interese en desenvolver este proxecto, coa finalidade trátase de dar un apoio de emerxencia ás vítimas ás vítimas de trata de seres humanos e/ou de explotación sexual, para cubrir necesidades básicas e puntuais de aloxamento, alimentación, hixiénico-sanitarias, de transporte e telecomunicación, nos casos de urxente desamparo, e sempre que quede suficientemente acreditada a dita necesidade, a través de axudas económicas de emerxencia.

Para o financiamento das actividades obxecto do convenio a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, achegará a cantidade de 7.000 € (sete mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.313D.480.2 (código de proxecto 2018 00112). O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder dar unha atención de emerxencia ás vítimas de trata de seres humanos e/ou de explotación sexual, a través das entidades que forman parte da Rede galega contra a trata, todas elas cunha ampla experiencia no trato coas vítimas desta lacra social, que debido á situación xerada pola crise sanitaria derivada do COVID19 se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade e desprotección.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

A Xunta de Galicia e esta entidade veñen colaborando coa finalidade de dar un apoio de emerxencia ás vítimas ás vítimas de trata de seres humanos e/ou de explotación sexual, pola situación derivada da crise sanitaria por Covid-19, dende o ano 2020.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella



Xacobeo 2021

